

### 7.3. Solicitude:

Normalizada e única para todos os causantes maiores da unidade familiar polos que solicita esta axuda.

### 7.4. Documentación:

Toda a que se detalla na norma xeral 2 do ámbito persoal se se opta á axuda na modalidade de baremo e, en todo caso:

a) Documento nacional de identidade do maior causante.

b) Xustificación do parentesco do causante co solicitante.

c) Certificado de convivencia/empadroamento conxunto expedido polo concello, de todas as persoas que conviven no domicilio do solicitante.

d) Fe de vida do maior. No suposto de falecemento do causante no ano 2010 deberá presentarse certificado de defunción e a axuda ratearase ata a data de pasamento.

e) Certificación de pensións (negativo ou positivo) do Instituto Nacional de Seguridade Social do maior causante correspondente ao ano 2009.

f) Copia da declaración da renda do ano 2009 de Facenda do causante. Se non tivo que facer a declaración da renda, presentará certificación de Facenda da dita circunstancia onde constarán os ingresos íntegros no devandito ano. Non será preciso presentar declaración ou certificación se o causante percibe pensión de xubilación ou por incapacidade permanente absoluta.

8) Axuda por gastos sanitarios.

### 8.1. Beneficiarios:

O persoal ao servizo da Administración da Xunta de Galicia recollido na norma xeral 1.1.

### 8.2. Modalidades e contido:

8.2.1. Axudas por tratamentos e próteses bucodentais, audiovisuais e/ou ortopédicas do traballador, sempre que o seu importe, individual ou en conxunto, sexa igual ou superior a 135 euros.

O importe máximo que se percibirá neste punto será de 105 euros.

8.2.2. Axudas para a adquisición de produtos específicos para a alimentación de enfermos celíacos e trastornos similares de intolerancia a alimentos de carácter xenérico, destinados ao solicitante, cónxuxe, parella de feito ou fillos.

O importe máximo que se percibirá neste punto será de 105 euros.

No caso de que o orzamento establecido para esta axuda non fose abondo para respectar os importes sinalados anteriormente, estes serán minguados ata que os importes globais das solicitudes aprobadas non superen o orzamento establecido para esta axuda, respectando, en todo caso, o importe mínimo de 60 euros por tratamentos e próteses e de 60 euros por adquisición de produtos de alimentación.

### 8.3. Solicitude:

Normalizada e única para tratamentos, próteses e produtos específicos de alimentación.

### 8.4. Documentación:

Para a adquisición de próteses:

Fotocopias compulsadas da/s factura/s orixinal/ais en que deberá constar:

-Persoa que recibe o tratamento ou adquire a prótese.

-Custo do tratamento e/ou próteses e datas en que se recibiu e/ou adquiriu.

-Nome ou razón social, NIF ou CIF, domicilio e localidade de quen as estenda.

Para gastos alimentarios:

a) Informe dun/dunha facultativo/a da sanidade pública e/ou centros sanitarios concertados en que figure a intolerancia padecida polo causante.

b) Cando o causante da axuda sexa persoa distinta do solicitante, copia da totalidade das follas do libro de familia, onde figuren edición, serie, número, cónxuxe e fillos, agás os causantes aprobados no ano 2009.

c) Se o causante da axuda é parella de feito, certificado conxunto de convivencia ou empadroamento expedido polo concello.

## **ESCOLA GALEGA DE ADMINISTRACIÓN PÚBLICA**

*Resolución do 1 de febreiro de 2011 pola que se convocan as xornadas sobre a Lei de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público de Galicia.*

Dentro do Plan de actividades da Escola Galega de Administración Pública para o ano 2011 e de acor-

do coas funcións atribuídas pola Lei 4/1987, do 27 de maio, de creación da escola, e pola Lei 10/1989, do 10 de xullo, de modificación da anterior, convócanse, en colaboración co Consello Consultivo de Galicia e coa Asesoría Xurídica Xeral, as xornadas sobre a Lei de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público de Galicia, conforme as seguintes bases:

### 1. Obxectivos.

Analizar, debater e estudar a nova Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia, nos seus principais aspectos; como son os seus principios xerais, o exercicio da competencia, órganos colexiados, a organización da Administración xeral, entre outros.

### 2. Contidos.

Serán tratados, entre outros, os seguintes temas:

-Réxime xurídico do exercicio das competencias pola Administración.

-A estrutura da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia.

-Réxime xurídico dos órganos colexiados.

-A titularidade da potestade regulamentaria e o principio de reserva de lei.

-Procedemento de elaboración das disposicións de carácter xeral.

-Entidades instrumentais do sector público: introdución xeral e encomendas de xestión.

-Réxime xurídico dos organismos autónomos e das axencias públicas autonómicas.

-Réxime xurídico das entidades empresariais e os consorcios.

-Réxime xurídico das sociedades mercantís públicas autonómicas e as fundacións do sector público autonómico.

### 3. Destinatarios.

Letrados da Xunta de Galicia, do Consello Consultivo, membros do servizo xurídico do Estado, empregados públicos, funcionarios da Administración local con habilitación de carácter estatal, persoal con destino nas xerencias das universidades, persoal das entidades do sector público e interesados en xeral.

### 4. Desenvolvemento.

Lugar: salón de actos nº 2 da Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza do edi-

ficio administrativo de San Caetano, Santiago de Compostela.

Datas: 23 e 24 de febreiro de 2011 pola mañá.

Duración: 6 horas lectivas.

5. Número de prazas.

Limitado pola capacidade do local.

6. Solicitudes.

-Tramitación de solicitudes: as solicitudes irán dirixidas ao director da Escola Galega de Administración Pública (polígono das Fontiñas, rúa Madrid 2-4, CP 15707 Santiago de Compostela), segundo o modelo que figura como anexo a esta convocatoria, e serán presentadas no rexistro xeral da EGAP, ou ben de calquera das formas previstas no artigo 38º.4 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común. Serán admitidas inscricións por medio de fax enviado ao número 981 54 63 30 ou por correo electrónico dirixido ao enderezo [novas.egap@xunta.es](mailto:novas.egap@xunta.es)

-Inscricións fóra de prazo: só serán admitidas, de quedaren prazas libres, coa condición de que cumpran os requisitos xerais antes indicados.

As persoas solicitantes poderán obter a confirmación da súa admisión se chaman por teléfono, das 8.30 ás 14.30 horas, aos seguintes números: 981 54 62 41-881 99 70 14.

7. Prazo.

O prazo de presentación de solicitudes rematará o martes 21 de febreiro de 2011.

8. Modificacións.

A EGAP reserva para si a facultade de interpretar e de resolver as incidencias que poidan xurdir no desenvolvemento destas xornadas, así como a facultade de cancelalas se o escaso número de solicitudes non xustificase a súa realización.

9. Certificado de asistencia.

Será entregado un certificado de asistencia, ao final das xornadas, a aquelas persoas inscritas que teñan asistido a estas, sempre que a súa asistencia sexa igual ou superior ao 85% das horas lectivas programadas. Neste documento aparecerán de forma expresa a natureza da actividade e a data de realización.

Santiago de Compostela, 1 de febreiro de 2011.

Pablo Figueroa Dorrego  
Director da Escola Galega de Administración  
Pública

## FOLLA DE INSCRICIÓN

1. SOLICITANTE	
Apelidos	DNI
Nome	
2. DATOS PROFESIONAIS	
Posto de traballo/profesión	Nivel (2)
Corpo, subgrupo ou escala (1)	
Entidade en que presta servizos: (3)	
Enderezo do posto de traballo: rúa	Nº Localidade
	Provincia
	CP
	Tíno.
Correo electrónico:	
3. ACTIVIDADE SOLICITADA	
Solicita asistir ás <i>xornadas sobre A Lei de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público de Galicia</i> que terán lugar os días 23 e 24 de febreiro de 2011 no salón de actos nº 2 da Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, situado no edificio administrativo de San Caetano, Santiago de Compostela.	
Sinatura,	
..... de..... de..... de 2011	
Os datos de carácter persoal contidos no impreso poderán ser incluídos nun ficheiro para o seu tratamento por este órgano administrativo, como titular responsable deste, no uso das funcións propias que teñen atribuídas e no ámbito das súas competencias. Así mesmo, infórmase da posibilidade de exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición, todo isto de conformidade co disposto no artigo 5º da Lei orgánica 15/1999, de protección de datos de carácter persoal (BOE nº 298, do 14 de decembro).	

(1, 2 e 3): cubrir só en caso de ser funcionario ou funcionaria.

DIRECTOR DA EGAP. Polígono das Fontiñas, rúa Madrid 2-4, CP 15707 Santiago de Compostela (A Coruña)

**INSTITUTO ENERXÉTICO DE GALICIA**

*Resolución do 18 de xaneiro de 2011 pola que se dá publicidade aos convenios de colaboración subscritos por este ente público no terceiro cuadrimestre de 2010.*

Para os efectos previstos no artigo 11º.1 da Lei 4/2006, do 30 de xuño, de transparencia e de boas prácticas na Administración pública galega, acórdase darlles publicidade aos convenios de colaboración, previstos no artigo 3º.1 c) do texto refundido da Lei de contratos das administracións públicas, subscritos polo Instituto Enerxético de Galicia no terceiro cuadrimestre do ano 2011 e que se relacionan no anexo a esta resolución.

Santiago de Compostela, 18 de xaneiro de 2011.

Eliseo Diéguez García  
Director do Instituto Enerxético de Galicia

**ANEXO**

Nº: 1.

Título: convenio de colaboración entre a Escola Galega de Administración Pública (EGAP) e o Instituto Enerxético de Galicia (Inega), para o desenvol-

vemento de actividades de formación, divulgación e investigación.

Obxecto: a participación nas actividades da EGAP do persoal do Inega e a colaboración e desenvolvemento conxunto de actividades de carácter formativo, divulgador e investigador.

Sinatura: 4-outubro-2010.

Importe: 0,00 €.

Nº: 2.

Título: acordo marco de colaboración entre Portos de Galicia e o Instituto Enerxético de Galicia (Inega) en materia de aforro e eficiencia enerxética e de implantación e desenvolvemento de enerxías renovables.

Obxecto: definir os mecanismos de colaboración entre o Inega e Portos de Galicia para levar a cabo estudos e actuacións para a implantación de medidas de aforro e eficiencia enerxética nas instalacións e actividades portuarias e para a implantación e desenvolvemento de enerxías renovables nos portos.

Sinatura: 13-outubro-2010.

Importe: 0,00 €.

Nº: 3.

Título: convenio-addenda I ao acordo marco de colaboración entre Portos de Galicia e o Instituto Enerxético de Galicia (Inega) en materia de aforro e eficiencia enerxética de implantación e desenvolvemento de enerxías renovables.